

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e oito de agosto de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 21 de agosto de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 12 de xullo de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de

subvencións para o ano 2023 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (DOG núm. 142, do 27/0723); e a conveniencia de solicitar dita subvención para a mellora do equipamento de emerxencias do Concello e da Agrupación municipal de voluntarios de Protección Civil (AVPC).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a cesión do seguinte material de emerxencias, pola seguinte orde de preferencia:

- 1.- Un remolque para a atención ás emerxencias (Liña 4).
- 2.- Un kit de material loxístico de seguridade viaria (Liña 1).

Segundo.- Aceptar as condicións e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

3.- CONTRATACION LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN POSTO DE TRABALLO DE TRABALLADORA SOCIAL

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que o día 24 de agosto do corrente rematou o proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de traballador/a social, segundo a convocatoria e Bases aprobadas por este órgano na sesión celebrada o día 1 de agosto de 2023 (modificadas por acordo de data 11/08/23).

O Tribunal cualificador do proceso selectivo eleva a este órgano, segundo o establecido na Base décima, a proposta de contratación da aspirante que obtivo a maior puntuación total, segundo a seguinte relación:

CANDIDATA	VALORACIÓN DE MÉRITOS				PUNTUACIÓN TOTAL
	OUTRA TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	EXPERIENCIA PROFESIONAL		
			AA.PP.	PRIVADO	
REQUEJO PÉREZ, JUDIT	--	1,05	--	--	1,05
SALGADO RODRÍGUEZ, NATALIA	--	1,00	6,00	--	7,00
VÁZQUEZ FUENTES, ESTEFANÍA	--	--	--	--	0,00
CABALEIRO DE LA FUENTE, MARÍA DEL CARMEN	1,00	0,50	2,80	0,40	4,70

Corresponde, en consecuencia, a contratación da candidata Natalia Salgado Rodríguez.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co proposto polo Tribunal cualificador, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo parcial, por substitución da traballadora Dona María Lara Hermida Fernández por redución da súa xornada laboral nun 99 por cento por coidado de familiar, no posto de traballo de traballadora social e coas condicións establecidas na Base segunda reguladora do proceso selectivo, da seguinte traballadora:

NOME E APELIDOS	DNI
NATALIA SALGADO RODRÍGUEZ	██████████

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine o correspondente contrato de traballo e cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

4.- ESTABLECEMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA PROVER EVENTUAIS VACANTES NO POSTO DE TRABALLO DE TRABALLADOR/A SOCIAL

De conformidade co establecido na Base undécima do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de traballador/a social, segundo a convocatoria e Bases aprobadas por este órgano na sesión celebrada o día 1 de agosto de 2023, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Constituír a seguinte bolsa de emprego coas candidatas que superaron o proceso de selección e non resultaron contratadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por incapacidade temporal, vacacións, ou vacantes. A bolsa está ordenada segundo a puntuación obtida no proceso selectivo e a orde de chamamento das aspirantes inscritas na bolsa neste Concello será pola orde da que figure no primeiro lugar da lista:

1. Cabaleiro de la Fuente, María del Carmen
2. Requejo Pérez, Judit
3. Vázquez Fuentes, Estefanía

Segundo.- A bolsa de emprego terá unha vixencia máxima de tres anos.

5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Elsa González Gallego, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais no mes de setembro de 2023. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da

atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona Ana María Jorge Couto, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ BEATRIZ SENRA DOBARRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (20 horas/semana), entre os días 4 e 22 de setembro do corrente, ambos inclusive, en substitución de Elsa González Gallego.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO 2023” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia en período lectivo 2023*”, que se desenvolverá entre os días 11 de setembro e 21 de decembro de 2023, ambos inclusive. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o primeiro trimestre do período lectivo do curso escolar 2023-2024. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo a actividade rexeráse polas Bases reguladoras do servizo de campamentos e servizos de conciliación do Concello de Rodeiro, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 8 de xuño de 2022
- ✓ A actividade desenvolverase de luns a venres, agás días non lectivos e períodos vacacionais segundo o calendario escolar de Galicia para o curso académico 2023/2024. Dará comezo o día 11 de setembro de 2023 e estenderase ata o 21 de decembro de 2023. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do primeiro trimestre do período lectivo do curso escolar 2023/2024.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive, empadroados/as no Concello de Rodeiro.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 16:20h. a 20:20h. de luns a xoves e os venres de 13:50. a 17:50h. Este horario pode sufrir algunha modificación de cambiar o horario de remate da xornada do CPI de Rodeiro para adaptarse á mesma.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do Concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando os días da semana que acudirá. Os/as menores inscritos/as no programa de Concilia con anterioridade terán que presentar a solicitude e unicamente a documentación complementaria que non conste no seu expediente, ou a que sexa preciso actualizar como a referente á situación económica.

- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Rodeiro establécese entre os días 29 de agosto e 4 de setembro de 2023 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres poderanse inscribir menores ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 30 prazas por día da semana. Poderá haber máis de 30 inscricións no programa pero non superar as 30 prazas en cada día da semana.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.
- ✓ O custe mensual pola asistencia ao programa fixarase en base ao establecido na Ordenanza que establece o prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas do Concello de Rodeiro (BOP núm. 194, do 07/10/10). Para valorar o nivel de renda da unidade familiar e así fixar o prezo público a abonar, terase en conta o exercicio fiscal 2022. De non ter presentada a declaración de IRPF de 2022 pedirase o último certificado de rendementos imputables dispoñible. As persoas solicitantes que non aporten documentación económica pagarán o prezo público máximo segundo as horas de asistencia.

7.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO”

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 8 de agosto do corrente, foi aprobado o proxecto técnico básico e de execución da obra de “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, en data xullo de 2023, cun importe global de CENTO NOVENTA E NOVE MIL OITENTA E SETE EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (199.087,23 €), IVE incluído.

A Dirección Xeral de Administración Local, por resolución de data 29/05/23, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra por importe de 140.000,00 €, ao abeiro da Orde do 9 de febreiro de 2023 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (DOG núm. 34, do 17/02/23). A achega municipal, por importe de 59.087,23 €, foi obxecto do expediente de modificación de créditos núm. 3/2023, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en data 31/07/23, e pendente da súa entrada en vigor a esta data.

Xa que logo, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación del presente contrato vén fundamentada nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de *“promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*, establecida na letra l) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL). Asemade, mótivase o acordo na necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin con cargo ao fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de *“CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO”*, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

Terceiro.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente, de conformidade co previsto no artigo 119 da LCSP, por razóns de interese público

motivadas polo cumprimento do prazo de execución e xustificación do investimento subvencionado, fixado no día 15 de novembro do corrente.

8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE RÍO

VISTO o escrito presentado por Don José Manuel Crespo Rodríguez, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Mouriz, parroquia de Río (RE núm. 1410, do 23/08/23), polo que, na representación de Comisión de festas da parroquia de Santa María de Río, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 15 e 16 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 422,83 €, 61,71 € E 65,53 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A1083, 23A1084 e 23A1085 (FACe).
- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. 169,88 €
Por licenzas anuais de aplicacións Office para equipos informáticos municipais, s/factura núm. FVE/2023/0390 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA73I0001105, TA73I0001122 e TA73I0001123 (FACe).
- MARÍA ELENA JORGE MATO 68,88 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 82,06 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xullo de 2023, s/factura núm. 23ZNX0162306 (FACe).
- AUTOCARES MEIJIDE S.L. 748,00 €
Por desprazamento dos participantes nos programas de conciliación do verán, s/factura núm. MEI2023A07-0035.
- FELIPE DÍAZ VALLE 300,00 €
Por realización do espectáculo de contos “*Miña terra meu lar*” dentro do programa “*Ler conta moito*”, s/factura núm. 23-69 (FACe).
- ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE AGOLADA 1.750,00 €
Por actuación musical nas festas patronais de San Antonio en Rodeiro, s/factura núm. 5/2023.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)